



CONVOCATORIA PARA O ESTABLECEMENTO DUNHA LISTAXE DE PRELACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2016 EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE DÚAS PRAZAS DE PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE

O Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016 aprobou os Criterios para a execución da oferta de emprego público do ano 2016. No punto dous dese acordo establecíase a reserva de dúas prazas de Titular de Universidade para a promoción do profesorado que estea contratado na actualidade coa figura de Profesor/a Contratado/a Doutor/a. Nese mesmo punto acordábase que os criterios a aplicar para o establecemento da prelación entre os/as acreditados/as sería a do ano da acreditación e a antigüidade como PDI da Universidade da Coruña (UDC).

O terceiro parágrafo do punto dous da norma indicada, habilita á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente para realizar unha convocatoria co fin de que o profesorado Contratado Doutor, interesado en acceder ao corpo de Titulares de Universidade, solicite a creación dunha praza na súa área de coñecemento. En virtude desa habilitación resolveuse realizar a presente convocatoria de acordo coas seguintes bases.

Bases da convocatoria

1. Normas xerais

O obxectivo desta convocatoria é establecer as áreas de coñecemento na que se realizará a convocatoria pública de dous concursos de acceso ao corpo de Titular de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2016 de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña.

Este procedemento rexerese polos Criterios para a execución da oferta de emprego público do ano 2016 aprobados no Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016, a Lei 30/1992, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os Estatutos da Universidade da Coruña e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

Empregarase o correo electrónico institucional da UDC de cada persoa interesada para as comunicacións en relación co desenvolvemento deste procedemento.

2. Requisitos das persoas candidatas

Para ser admitido/a no presente procedemento, os/as aspirantes que pretendan optar a que se convoque na súa área de coñecemento unha das prazas de Titular de Universidade deberán reunir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Estar contratado/a pola Universidade da Coruña coa categoría de Contratado/a Doutor/a
- Estar en posesión da acreditación nacional para o acceso ao corpo de Profesor/a Titular de Universidade



3. Solicitudes

As solicitudes para participar axustaranse ao modelo que figura como anexo a esta convocatoria e dirixiranse ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente da Universidade da Coruña. Os/as interesados/as autorizan á Universidade da Coruña a publicar, só para os efectos desta convocatoria, os datos relativos a súa antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña e da data na que se acadou a acreditación nacional ao corpo de Titular de Universidade.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o **19 de setembro de 2016**. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral, nos Rexistros Auxiliares (Campus de Elviña e de Ferrol) ou na Sede Electrónica da Universidade da Coruña, ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992. As solicitudes que se presenten a través das Oficinas de Correos deberán ir en sobre aberto para que o/a empregado/a de Correos poda estampar nelas o selo de datas antes da súa certificación. As solicitudes no estranxeiro poderanse cursar a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

Coa instancia achegarse necesariamente unha copia simple do certificado de Acreditación Nacional ao corpo de Titular de Universidade expedido polo Consello de Universidades ou notificación da ANECA do resultado favorable da solicitude de acreditación.

4. Admisión de aspirantes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente ditará unha resolución aprobando a prelación provisional de persoas admitidas e excluídas que solicitaron a convocatoria na súa área de coñecemento dunha das prazas de Titular de Universidade. Esta relación publicarase na Sede Electrónica da UDC.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todas as persoas que presentaran unha solicitude, empregando o correo persoal institucional da UDC, a prelación provisional na que se incluírán os datos relativos á antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña e á data na que se acadou a acreditación nacional ao corpo de Titular de Universidade.

Contra dita resolución las persoas interesadas poderán presentar reclamación ante o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, no prazo de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.

Unha vez resoltas as posibles reclamacións, comunicarase polos mesmos medios a prelación definitiva das persoas candidatas.

5. Criterios para o establecemento da prelación

Coas solicitudes que cumpran os requisitos de participación a vicerreitoría realizará a prelación correspondente tendo en conta os seguintes criterios:

- A primeira orde establecerase tendo en conta o ano da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades que é o mesmo que o da data de reunión da Comisión de Acreditación correspondente segundo a rama de coñecemento. Terán prioridade as persoas candidatas que teñan unha acreditación máis antiga.



- No caso de empate no ano de acreditación, terán prioridade as persoas candidatas que contan con maior antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña.
Para establecer a antigüidade na UDC sumaranse todos os períodos no que o/a docente tivese vinculación funcionarial, administrativa ou laboral coa UDC dentro das figuras docentes (tanto dos corpos docentes universitarios como das categorías de persoal docente laboral ou administrativo) establecidas nas leis que veñen regulando a Universidade española, e que así estean recoñecidas no seu expediente persoal que consta no Servizo de PDI. Inclúese a antigüidade como persoal docente recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG do 24/01/1990). Non se incluírán os períodos que poidan existir en calquera figura de persoal investigador en formación.
O resultado da antigüidade exprésase en anos, meses e días en relación a data de finalización de presentación de solicitudes. No caso de empate terá prioridade o primeiro en acceder a un dos corpos ou categorías.
- O resultado da prelación non poderá supoñer a convocatoria das dúas prazas en áreas de coñecemento da mesma rama. Estas ramas serán as establecidas no Anexo I sobre "*Comisións de acreditación e áreas de coñecemento asignadas a cada unha delas*" do Real decreto 1312/2007, de 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios, modificado polo Real decreto 415/2015, de 29 de maio. De darse esta circunstancia e, para a convocatoria da segunda praza, terá prioridade a primeira persoa candidata que na prelación pertenza a un área de coñecemento dunha rama distinta.

6. Norma final

O resultado desta convocatoria comunicarase aos Departamentos afectados polas convocatorias das prazas, para que realicen os trámites correspondentes sobre a convocatoria de prazas dos corpos docentes universitarios.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informará ao Consello de Goberno do desenvolvemento desta convocatoria.

Contra a presente convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a Xurisdición Contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso administrativa. Potestativamente, poderase interpor recurso de reposición ante o Consello de Goberno, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da antedita publicación, de acordo co disposto na Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, modificadora da Lei do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A Coruña, 5 de setembro de 2016

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

ANEXO

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA O ESTABLECIMENTO DUNHA LISTAXE DE PRELACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2016 EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE DÚAS PRAZAS DE PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SOLICITUDE

NOME DO/A PROFESOR/A :	DNI:
CATEGORÍA ACTUAL:	
DATA DA ACREDITACIÓN NACIONAL DE TITULAR DE UNIVERSIDADE:	
DEPARTAMENTO:	
ÁREA DE COÑECEMENTO:	

2. SOLICITUDE

Solicito a convocatoria dunha praza de Titular de Universidade correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2016 de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña, segundo as disposicións contidas na Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2016 en relación á convocatoria de dúas prazas de profesor/a Titular de Universidade do 2 de setembro de 2016.

Xunto con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- Copia simple do certificado de Acreditación Nacional ao corpo de Titular de Universidade expedido polo Consello de Universidades ou notificación da ANECA do resultado favorable da solicitude de acreditación.

A Coruña/Ferrol, ____ de ____ de 2016

Sinatura

SR. VICERREITOR DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA